PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
11 FEB. 2019
Núm. 13922

A Mesa do Parlamento, na reunión do 11 de febreiro de 2019, en relación coas emendas formuladas ás proposicións non de lei incluídas na orde do día da sesión plenaria do 12 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

— Doc. núm. 45996 emenda formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia (43939-10/PNP-003268).

A Mesa acorda a admisión a trámite coa substitución no texto da emenda da expresión "2. Solicitar ..." por "2. Instar a Xunta de Galicia a ..."

— Doc. núm. 45980 emenda formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, á proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia (43939-10/PNP-003268).

A Mesa acorda a admisión a trámite coa substitución no texto da emenda da expresión "2. O Parlamento de Galicia acorda dirixirse..." por "2. O Parlamento de Galicia acorda instar á Xunta de Galicia a dirixirse..."

— Doc. núm. 45981 emenda formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, á proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 (44345-10/PNP-003308).

A Mesa acorda a admisión a trámite coa substitución no texto da emenda da expresión "2. O Parlamento de Galicia acorda dirixirse..." por "2. O Parlamento de Galicia acorda instar á Xunta de Galicia a dirixirse..."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1.º

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 11/02/2019 19:40:14

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia
Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 12/02/2019

PARLAMENTO DE GALICIA

3. Mocións. ... 3
3.2 10/MOC-000126 (0045116) ... 3
(0045116) Entrada da iniciativa ... 4
(0045999) Emendas dos grupos parlamentarios ... 6
3.3 10/MOC-000123 (0045124) ... 8
(0045124) Entrada da iniciativa ... 9
(0045971) Emendas dos grupos parlamentarios ... 11
(0045998) Emendas dos grupos parlamentarios ... 13
3.4 10/MOC-000124 (0045125) ... 16
(0045125) Entrada da iniciativa ... 17
(0045997) Emendas dos grupos parlamentarios ... 19
4. Proposicións non de lei ante o pleno. ... 21
4.1 10/PNP-001794 (0025169) ... 21
(0025169) Entrada da iniciativa ... 22
(0045991) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 24
4.4 10/PNP-003210 (0042795) ... 25
(0042795) Entrada da iniciativa ... 26
(0045984) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 28
(0045993) Solicitude corrección erros ... 29
(0045995) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 30
4.5 10/PNP-003268 (0043939) ... 32
(0043939) Entrada da iniciativa ... 33
(0045980) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 40
(0045989) Solicitude corrección erros ... 41
(0045996) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 42
4.6 10/PNP-003308 (0044345) ... 44
(0044345) Entrada da iniciativa ... 45
(0045978) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 49
(0045981) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 51
(0045989) Solicitude corrección erros ... 52
4.7 10/PNP-003325 (0044503) ... 53
(0044503) Entrada da iniciativa ... 54
(0045985) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 57
(0045992) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 58
4.8 10/PNP-003348 (0044787) ... 59
(0044787) Entrada da iniciativa ... 61
(0046000) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 68
(0046001) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 71

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. MOCIÓNS.

3.2 10/MOC-000126 (0045116)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045116) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:52:10
Nº Rexistro: 45116
Data envio: 01/02/2019 12:52:10.236

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación 43058 (10/INT-001425)** debatida na sesión plenaria do 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego en materia de negociación de acordos con organizacións que cuestionan o autogoberno, os dereitos humanos e os principios fundamentais da convivencia.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender en todos os espazos políticos e institucionais a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e rexeitar pactos con formacións políticas que fomentan a confrontación social, cuestionan os principios fundamentais da convivencia e alentan as discriminacións e o odio ao diferente como forma de facer política.

2. Defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes e recoñecer a necesidade de políticas de discriminación positiva e de loita contra as violencias machistas, rexeitando os pactos con forzas políticas negacionistas da existencia do patriarcado.

3. Defender autogoberno de Galicia, rexeitando os pactos con forzas políticas que piden a supresión da nosa Autonomía."

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

CSV: REXISTRO-aGAjpcvNQ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:52:10
Nº Rexistro: 45116
Data envio: 01/02/2019 12:52:10.236

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/02/2019 12:51:38

CSV: REXISTRO-aGA)pcv/NQ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045999) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 45999
Data envío: 11/02/2019 18:22:49.772

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **45116 [10/MOC-000126]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de febreiro de 2019.

Emenda de modificación

Modificar o texto da parte resolutiva que quedaría da seguinte forma:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Defender en todos os espazos políticos e institucionais a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e rexeitar pactos **coa extrema dereita, con forzas políticas como VOX**, que cuestionan os principios fundamentais da convivencia e alentan as discriminacións e o odio ao diferente como forma de facer política.

2. Defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes e recoñecer a necesidade de políticas de discriminación positiva e de loita contra as violencias machistas, rexeitando as forzas políticas **de extrema dereita** negacionistas da existencia do patriarcado **e que defenden, entre outras cuestións, a derrogación da Lei**

CSV: REXISTRO-z36kMjx1-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 45999
Data envio: 11/02/2019 18:22:49.772

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

3. Defender o autogoberno de Galiza, rexeitando pactos con forzas políticas **que non recoñecen a existencia de Galiza como nación e os dereitos políticos inherentes a esta condición, así como a posicionarse en contra da ofensiva recentralizadora lanzada desde Madrid e fronte a discursos e políticas que promoven, entre outros, a pervivencia da discriminación e vulneración dos dereitos lingüísticos do pobo galego**."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2019 18:20:16

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 18:20:20

CSV: REXISTRO-z36kMjx-i9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

3.3 10/MOC-000123 (0045124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045124) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:36:07
Nº Rexistro: 45124
Data envio: 01/02/2019 13:36:07.968

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego en materia de violencia de xénero (10/INT-001316, doc. núm. 39868)

Moción

O Parlamento galego reafirma o seu compromiso coa igualdade e contra a violencia machista así como coa consecución inmediata dun Pacto galego contra a violencia machista, e insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar decididamente as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, aprobado no Congreso e no Senado co obxectivo de combater o terrorismo machista, que ten o seu caldo de cultivo nunha cultura e educación profundamente antidemocrática e que parte da idea da superioridade do home sobre a muller.

2. Manifestar a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, o seu compromiso coas vítimas e declarar tolerancia cero cos maltratadores.

3. Expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas.

4. Neste senso, rexeitar a adopción de calquera tipo de acordo, explícito ou implícito, con formacións que expoñen a supresión ou redución das medidas de protección das mulleres, dando así cobertura a políticas irresponsables que levan un altísimo risco de agravar o problema.

5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, comprometerse a impulsar a aplicación da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero 1/2004 e a Lei 12/2016, do 22 de xullo, de modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, en

CSV: REXISTRO-CLDA7OX-HV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:36:07
Nº Rexistro: 45124
Data envío: 01/02/2019 13:36:07.968

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.

6. Constituír con presencia dos grupos parlamentarios, unha Comisión de Seguimento do Pacto de Estado e da súa aplicación en Galicia.

7. Garantir o cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, coñecido como o Convenio de Estambul, en vigor dende o 1 de agosto de 2014.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 01/02/2019 13:30:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2019 13:30:49

CSV: REXISTRO-LDA7OX-IV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045971) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:36:21
Nº Rexistro: 45971
Data envio: 11/02/2019 16:36:21.968

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Moción, doc. núm. 45124, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero, incluída na sesión plenaria do día 12 de febreiro de 2019. (10/MOC-000123).

EMENDA DE ADICIÓN

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

8. Iniciar, durante o primeiro semestre do ano 2019, a posta en marcha dos acordos parlamentarios tomados o 12 de abril e o 11 de setembro do 2018, acerca da elaboración dunha macroenquisa galega sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo da vida das mulleres, e dar conta e facer partícipe da elaboración desta á Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

9. Incrementar progresivamente o orzamento dedicado a políticas de igualdade aumentándoo cando menos ata o 1% nos vindeiros orzamentos.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira

CSV: REXISTRO-i:mTH-hQcTv-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:36:21
Nº Rexistro: 45971
Data envío: 11/02/2019 16:36:21.968

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/02/2019 16:33:43

Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 16:33:53

CSV: REXISTRO-imTHnQcTv-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045998) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:38
Nº Rexistro: 45998
Data envio: 11/02/2019 18:22:38.549

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **45124 [10/MOC-000123]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de febreiro de 2019.

Emenda de adición

Engadir no punto 1 o seguinte texto:

"Para isto, a Xunta de Galiza comprométese a:

1.1 Remitir nos próximos dous meses unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión Interdepartamental de Igualdade para realizar un seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018 e debater o mesmo no Parlamento Galego ao que os grupos poderán presentar propostas de resolución.

1.2 Posteriormente remitir, ou incorporar como addenda no vindeiro informe anual que se elabora ao abeiro da Disposición Adicional Cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero información detallada sobre a concreción das actuacións financiadas polo Estado, de

CSV: REXISTRO-3Tcizg2T-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:38
Nº Rexistro: 45998
Data envio: 11/02/2019 18:22:38.549

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forma que se poida avaliar o alcance da aplicación do Pacto Estatal por parte dos ámbitos implicados na prevención e no tratamento da violencia machista.

1.3 4. Demandar o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto."

Emenda de adición

Engadir no punto 3 o seguinte texto:

"Complementariamente, contificar o custo cuantitativa e cualitativamente dos recortes impulsados polo Partido Popular desde a súa entrada no goberno no ano 2009."

Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 6 polo seguinte:

"Para o seguimento por parte do Parlamento Galego, a Xunta de Galiza comprométese a facilitar os puntos 1.1 e1.2 así como un debate anual ao respecto, conforme comprometido verbalmente polo Vicepresidente da Xunta de Galiza."

CSV: REXISTRO-3Toiz92T-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:38
Nº Rexistro: 45998
Data envio: 11/02/2019 18:22:38.549

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 7 polo seguinte:

"Autoavaliar o seu grao de cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), aberto a sinatura desde 2011 e as consecuencias para as mulleres galegas dos incumprimentos por parte do Estado de cara a reclamar internacionalmente medidas para forzar o seu cumprimento."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/02/2019 17:56:08

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 17:56:13

CSV: REXISTRO-3Tclz92T-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

3.4 10/MOC-000124 (0045125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045125) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:36:34
Nº Rexistro: 45125
Data envio: 01/02/2019 13:36:34.100

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía (10/INT-001186, doc. núm. 35663)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao benestar dos animais de compañía, a:

1. Cumprir na súa totalidade a Lei de protección e benestar dos animais de compañía 4/2017, do 3 de outubro, e controlar escrupulosamente o seu cumprimento efectivo.
2. Acordar coa Fegamp, con relación ás obrigas que para os concellos establece a dita lei, que sexa a Xunta de Galicia a administración encargada de facer investimentos nas canceiras e as deputacións e os concellos de se facer cargo da súa xestión, facilitando así o cumprimento da lei.
3. Desenvolver regulamentariamente a dita lei antes de que remate o actual período de sesións abrindo, ao efecto, un procedemento participativo da sociedade e de todos os sectores implicados de cara a ese desenvolvemento.
4. Traballar en colaboración coa Oficina Internacional de Epizootías da OIE, na materia das enfermidades animais transmisibles aos seres humanos e adoptar as medidas de prevención necesarias para combatelas en Galicia.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-ePFuyvBn-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:36:34
Nº Rexistro: 45125
Data envío: 01/02/2019 13:36:34.100

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2019 13:33:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2019 13:33:57

CSV: REXISTRO-ePFuynBh-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045997) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:18
Nº Rexistro: 45997
Data envio: 11/02/2019 18:22:18.135

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **45125 [10/MOC-000124]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de febreiro de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto, a seguir do punto 4:

"Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Non apoiar nin subvencionar os campionatos de matanza do raposo.

- Demandar do goberno do Estado que promova os cambios lexislativos necesarios para a prohibición das touradas."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-vgMYlMmAm-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:18
Nº Rexistro: 45997
Data envio: 11/02/2019 18:22:18.135

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/02/2019 17:55:37

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 17:55:41

CSV: REXISTRO-vgMYIMmAm-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-001794 (0025169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

PARLAMENTO DE GALICIA

(0025169) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25169
Data envio: 05/02/2018 14:31:30.715

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortaldade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres, o que provoca centos de traslados ao complexo hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago de Compostela, o que supón dende o punto de vista do grupo socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25169
Data envío: 05/02/2018 14:31:30.715

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar, de maneira urxente, o servizo de hemodinámica 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de respectar os principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:18:15

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:18:21

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:18:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2018 14:18:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045991) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:01:53
Nº Rexistro: 45991
Data envio: 11/02/2019 18:01:53.381

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **25169 (10/PNP-001794)** Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Emenda de substitución:

Débese substituir o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que logo da oportuna avaliación pola Comisión REGALIAM, ao ano de funcionamento da ampliación do horario, se así se determina se implante no Complexo Hospitalario de Ourense, un modelo asistencial que garanta a asistencia na Área de Hemodinámica durante as 24 horas, todo elo durante o ano 2019.

2.- Por en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de Equipos Multidisciplinarios na Área de Hemodinámica de Ourense, para o inicio de actividade no menor tempo posible, todo elo dentro do ano 2019."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/02/2019 17:59:39

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/02/2019 17:59:59

CSV: REXISTRO-EcCAazfF-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.4 10/PNP-003210 (0042795)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

(0042795) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 11:49:32
Nº Rexistro: 42795
Data envío: 09/01/2019 11:49:32.415

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían

CSV: REXISTRO-7r8y6haaR-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 11:49:32
Nº Rexistro: 42795
Data envio: 09/01/2019 11:49:32.415

GRUPO PARLAMENTAR en marea

coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.

Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os estudos e xestións necesarias para levar a cabo a xestión directa do servizo.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 11:47:17

Luis Villares Naveira na data 09/01/2019 11:47:27

CSV: REXISTRO-7r8y6haaR-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045984) Emendas dos Grupos Parlamentarios (0045993) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:34:07
Nº Rexistro: 45984
Data envio: 11/02/2019 17:34:07.641

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia (10/PNC-003210, doc. núm. 42795).

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar os estudos necesarios para levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario terrestre."

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 17:33:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 17:33:58

CSV: REXISTRO-NgGVW88q-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045993) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:10:22
Nº Rexistro: 45993
Data envio: 11/02/2019 18:10:22.304

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro 45984.

Corrección de erros:

No encabezado do documento, onde di: "… (10/PNC-003210, doc. núm. 42795)" debe dicir: "… (10/PNP-003210, doc. núm. 42795).

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 18:08:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 18:08:52

CSV: REXISTRO-m3ywTNUSc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045995) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:21:54
Nº Rexistro: 45995
Data envio: 11/02/2019 18:21:54.635

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **42795 [10/PNP-003210]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de febreiro de 2019.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos á parte resolutiva:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as para asinar un convenio paralizado hai máis de tres anos, que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

-Exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

-Que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, que o 061 está iniciando, se contemplen perfectamente dimensionados tanto as necesidades de vehículos como de persoal, e polo tanto ampliados con respecto aos

CSV: REXISTRO-iSKV5df8-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:21:54
Nº Rexistro: 45995
Data envio: 11/02/2019 18:21:54.635

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuais, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos, e rectifique a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2019 18:08:58

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 18:09:11

CSV: REXISTRO-ISKV5df8:4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.5 10/PNP-003268 (0043939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

(0043939) Entrada da iniciativa

Mesa 22.01.2019
A Mesa admitea a trámite coa adición no punto 2 da parte resolutoria da expresión "Instar á Xunta de Galicia a ...".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envio: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de coñecerse o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019, uns orzamentos que constitúen unha auténtica labazada para Galiza, que confirman que o cambio de goberno no Estado español non supuxo cambio nas políticas con respecto ao noso país e que deben ser contestados con coherencia, firmeza e unidade desde Galiza e a súa representación política, pois de mantérense van ser un atranco para o desenvolvemento económico de Galiza e a cohesión social.

No proxecto para 2019 o agravio ao noso país mantense continuando a liña de grandes recortes de Mariano Rajoy. É inaceptábel para Galiza unha redución de investimento en deste calibre, máis aínda nun momento en que a precariedade social e laboral, a emigración xuvenil ou o posíbel peche de empresas de relevancia caracterizan a realidade socioeconómica que padecemos.

O investimento territorializado en Galiza sofre no 2019 un forte retroceso con respecto ao 2018, xa que se sitúa en 757,1 millóns de euros, isto é, 180 millóns de euros menos que o orzamentado para o ano 2018, polo que o investimento en Galiza redúcese nun 19,2%. Deste xeito, a porcentaxe de investimento en Galiza sobre o conxunto estatal tamén diminúe fortemente, xa que pasa de representar o 9,2% do total no 2018 a

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representar o 6,2%. Así, o peso do investimento territorializado en Galiza sobre o conxunto estatal redúcese en 3 puntos porcentuais, isto é, nun 32,6% con respecto ao ano 2018. O contraste dos datos con respecto a outras comunidades (Valencia, Cataluña, Andalucía) é simplemente insultante para a sociedade galega.

Alén destas cuestións, cómpre ter en conta que chove sobre mollado, xa que nos últimos anos o investimento territorializado para Galiza experimentou continuos descensos. O orzamento para Galiza no 2017 foi de 924,64 millóns de euros, que foron 442,65 millóns de euros menos que en 2016, unha redución do 32,4%, é dicir, reduciuse nun terzo nun só ano, e para o 2018 o incremento experimentado foi do 1,2%, o mesmo que o IPC do pasado ano, polo que supuxo unha conxelación en termos reais.

Máis aínda, cabe sinalar que dende o ano 2004 o investimento en Galiza so foi inferior aos mil millóns de euros nos últimos tres (2017, 2018 e proxecto para 2019). Ademais, o ano con maior orzamento (2009) a contía orzamentada triplicou á consignada neste proxecto (2116 millóns fronte a 757).

Este panorama é inaceptable e repercute en que os orzamentos teñan grandes ausencias e que a planificación de moitos proxectos comprometidos desde hai anos, nomeadamente infraestruturas, dificilmente vaia ser unha realidade no exercicio.

Galiza é un país cunha enorme potencialidade que ten sido lastrado pola falta de poder político e dun financiamento inxusto, ao que agora se suma un proxecto que coarta aínda máis a capacidade de acción e impulso nun momento de desaceleración económica e no que os indicadores de benestar nin sequera acadaron os niveis previos á irrupción da anterior recesión económica e sofren o impacto dunha década de recortes e políticas servís do goberno do Partido Popular de Feijóo.

Por iso, a sociedade galega precisa que se active politicamente canto antes o debate e o traballo ao redor dunha axenda galega de grandes temas. Necesitamos ter

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envio: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como país a intelixencia e a capacidade necesaria para centrarmos as prioridades de traballo político ao redor dos problemas principais da nosa realidade socioeconómica, que determinan a vida cotiá dos galegos e galegas. Galiza precisa unha resposta á altura das circunstancias históricas e por iso desde o BNG vimos demandando, e non desistimos de facelo, grandes acordos de país na defensa dos intereses da sociedade galega.

Para que Galiza saia da irrelevancia política actual e as demandas da nosa sociedade pasen a estar na axenda política é fundamental sumar forzas, reforzar un espazo político propio, coas ideas claras e o centro de decisión na propia sociedade galega.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento acorda como resolución:

1. Manifestar o seu rotundo desacordo co Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 por constituír unha discriminación a Galiza e un trato inxusto para as galegas e os galegos, dando continuidade ao agravio do anterior executivo presidido por Mariano Rajoy.

2. Solicitar aos e ás representantes elixidas por circunscricións galegas que formulen emenda á totalidade a este proxecto de orzamentos e establezan unha negociación co goberno do estado que incorpore, como mínimo, unha inversión similar ás inversións de 2009 e coas seguintes prioridades:

1. Rescate da AP-9 e compromiso para acabar coa fin da estafa das peaxes.

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envio: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Derrogar a prórroga de ENCE e fixar un calendario para o traslado desta empresa da ría de Pontevedra.

3. Proceder á devolución do Pazo de Meirás e do conxunto de bens incautados polo franquismo en Galiza.

4. Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros).

5. Compromiso para activar unha Tarifa eléctrica galega que rebaixe a factura da luz particulares e empresas, como elemento compensatorio polos impactos no territorio e no medio ambiente e permita que a produción de electricidade teña un retorno social.

6. Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, con dotacións, que:

a. garantan os prazos de chegada do AVE a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade,

b. finalice o trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña- Ferrol; saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa)

c. electrificación da liña A Coruña-Lugo-Monforte,

d. investimentos e melloras da liña de Feve Ferrol-Ribadeo,

e. impulse en todo o territorio galego o tren de proximidade,

f. incorpore as adaptacións necesarias para facilitar o transporte de mercadorías,

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

g. impulse decididamente as conexións ferroviarias para os portos de interese xeral do Estado en Galiza, priorizando as conexións de Vigo e dos portos exteriores de Ferrol e Coruña.

7. Axilización de autovías que levan anos de atraso, como é o caso de Santiago-Lugo e Lugo-Ourense, A-57 -circunvalación de Pontevedra- e plan de investimentos extraordinario para acabar coa elevada sinistralidade viaria que teñen as estradas dependentes do Estado en Galiza.

8. Plan de saneamento e rexeneración das rías galegas e do litoral, así como o financiamento necesario para a construción da nova EDAR de Santiago de Compostela.

9. Plan de saneamento e recuperación dos ríos galegos de xestión estatal a través das Confederacións Hidrográfica do Miño-Sil e do Douro para a reparación dos graves problemas ambientais dos ríos do sur.

10. Asunción do custe total das obras do porto exterior de Punta Langosteira.

11. Modificar os criterios de financiamento dos concellos galegos, acabando coa discriminación de cobrar 50 euros menos de financiamento por habitante.

12. Transferencia de competencias pendentes como as de tráfico, portos de interese xeral do estado, aeroportos, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, inspección de traballo, e competencias en materia de lexislación laboral e normativa que permita a creación dun marco galego de relacións laborais.

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envio: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

13. Financiamento dun plan de retorno para a emigración que facilite o regreso a Galiza das persoas que tiveron que emigrar ao longo dos últimos anos pola falta de oportunidades."

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 12:39:41

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 12:39:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 12:39:48

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 12:39:49

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:40:55
Nº Rexistro: 43939
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 12:39:50

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 12:39:52

CSV: REXISTRO-yNA6LWURa-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045980) Emendas dos Grupos Parlamentarios (0045989) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:17:52
Nº Rexistro: 45980
Data envio: 11/02/2019 17:17:52.844

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da fo seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o 2019 en relación co investimento para Galicia **(10/PNC-003268) doc. 43939.**

Emenda de modificación

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais para solicitarlles que, pola súa importancia para a mellora económica e social de Galicia, contribúan a facilitar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2019, e, en concreto, a súa aprobación inicial, rexeitando as emendas á totalidade presentadas.

2. O Parlamento de Galicia acorda dirixirse aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado para solicitarlles a modificación dos orzamentos xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de orzamentos do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos que poidan materializarse ao longo deste ano.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 13:31:50

CSV: REXISTRO-nE3DxIWi-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045989) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:59:30
Nº Rexistro: 45989
Data envio: 11/02/2019 17:59:30.342

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, solicita se realice a seguinte corrección de erros:

No documento núm.de rexistro 45980 onde di: "…. (10/PNC-003268) doc. 43939.", debe dicir: "(10/PNP-003268) doc. 43939."

No documento núm. de rexistro 45981 onde di: "... (10/PNC-003308) doc. 44345.", debe dicir: "...(10/PNP-003308) doc. 44345."

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 17:59:08

CSV: REXISTRO-Qkup7bZND-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045996) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:07
Nº Rexistro: 45996
Data envio: 11/02/2019 18:22:07.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **43939 [10/PNP-003268]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de febreiro de 2019.

Emenda de substitución

Substituír o texto do primeiro parágrafo do punto 2 polo seguinte:

"2. Solicitar aos e ás representantes elixidas por circunscricións galegas que reclamen como mínimo unha inversión similar ás inversións de 2009, e coas seguintes prioridades:"

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-cvanmy/FTV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:22:07
Nº Rexistro: 45996
Data envío: 11/02/2019 18:22:07.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 17:55:14

CSV: REXISTRO-cvanmy/FTV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 10/PNP-003308 (0044345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Beatriz Mato Otero
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019

PARLAMENTO DE GALICIA

(0044345) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 17:55:22
Nº Rexistro: 44345
Data envio: 22/01/2019 17:55:22.032

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, **Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Moisés Rodríguez Pérez, Encarna Amigo Díaz e Paula Prado del Río,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

O 14 de xaneiro deste ano, o Goberno de España presentou -fóra de prazo- un proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado indiscutiblemente discriminatorio para Galicia, co único obxectivo de continuar na Moncloa.

En primeiro lugar, son unhas contas irreais e ficticias. Medra o gasto sen ingresos reais que o soporten. Así, por exemplo, prevén recadar 20.000 millóns máis en impostos pese ao menor crecemento económico. Dentro desta suba masiva de impostos destaca o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia. O mesmo se pode dicir da Seguridade Social, xa que o incremento das cotizacións sociais (está previsto que aumenten un 7,5%) afectará aos autónomos e aos traballadores por conta allea, repercutindo na creación de emprego.

E, se isto non fose suficiente, penalizan a nosa Comunidade Autónoma. En comparación co pasado ano, Galicia ve reducidos os fondos para investimentos nun -18%, ata quedarse en 757 millóns, o que supón a práctica paralización de proxectos comprometidos e estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Mais esta redución non é debida, como aconteceu durante a crise, a un axuste xeneralizado do gasto e dos investimentos públicos. Todo o contrario, os fondos para Galicia baixan no contexto duns presupostos de expansión desorbitada do gasto e nos que, pola contra, outras comunidades ven incrementado dun xeito significativo o importe global dos seus investimentos, así en Cataluña medra nun +67% ou na Comunidade Valenciana nun +61%

Ao longo destes últimos anos os orzamentos permitiron enormes avances como a A-8 que xa está rematada e en servizo; a Autovía Santiago-Lugo con todos os treitos en servizo ou en obras; o Eixe Atlántico ferroviario que xa está en servizo entre A Coruña e Vigo; ou as obras do AVE que xa están encarando a súa recta final.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-H1Ku0crx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 17:55:22
Nº Rexistro: 44345
Data envío: 22/01/2019 17:55:22.032

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Sen embargo, as importantes minoracións neste proxecto de presupostos reflíctense en partidas concretas como a ausencia de recursos suficientes para necesidades ferroviarias como a mellora do tren entre A Coruña en Ferrol ou a variante de Cerdedo.

Tampouco se prevén investimentos en ningunha das obras planificadas na AP-9: Alfonso Molina e Vial 18, na Coruña; Enlace Orbital, en Santiago; Nó de Bombeiros, en Pontevedra; a remodelación do enlace de Buenos Aires, en Vigo; ou a supresión da peaxe de Redondela.

Os presupostos tampouco inclúen partidas para obras fundamentais como os novos treitos da circunvalación de Pontevedra; as autovías Vigo-Porriño, a da Mariña ou a Lugo-Ourense. Estas contas constatan a falta de palabra do Goberno central ao prever 0 euros en 2019 e pouco máis para 2020 para Variante Norte de Ourense, pese a que hai poucos días prometeron que se licitaría este ano. Engadir que, aínda que existe un convenio que contempla que a variante de Ponteareas a construiría o Ministerio, agora este orzamento implicaría que a execute a Xunta e achega unha partida insuficiente.

En referencia a autovía Santiago–Lugo, fundamental para o Xacobeo 21, as súas partidas minimizadas e os prazos sen acurtar, en contra do que pedira o Goberno galego.

E, por último, en materia de infraestruturas hidráulicas só constan 65.000 euros para a renovación do saneamento de Santiago e nada nas obras declaradas de interese xeral do Estado. Tampouco figura no orzamento a solución do problema de abastecemento de Vigo, tal e como se acordara.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1. Manifestar o rexeitamento do Parlamento de Galicia ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 presentado polo Goberno de España, por ser uns orzamentos irreais e absolutamente discriminatorios para Galicia.

2. Dirixirse aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados e do Senado para solicitarlles a modificación destes Orzamentos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos comprometidos e orzamentados polo anterior Goberno do Estado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-H Kubbck-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 17:55:22
Nº Rexistro: 44345
Data envío: 22/01/2019 17:55:22.032

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno, aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Senado e do Parlamento de Galicia, así como á Xunta de Galicia."

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2019 17:41:47

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/01/2019 17:41:52

Martín Fernández Prado na data 22/01/2019 17:42:09

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2019 17:42:21

Marta Novoa Iglesias na data 22/01/2019 17:42:36

María Julia Rodriguez Barreira na data 22/01/2019 17:42:46

Gonzalo Trenor López na data 22/01/2019 17:42:59

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/01/2019 17:43:10

Jaime Castiñeira Broz na data 22/01/2019 17:43:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2019 17:43:25

Maria Antón Vilasánchez na data 22/01/2019 17:43:32

José Manuel Rey Varela na data 22/01/2019 17:44:42

Beatriz Mato Otero na data 22/01/2019 17:44:53

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/01/2019 17:45:00

Diego Calvo Pouso na data 22/01/2019 17:45:09

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2019 17:45:15

CSV: REXISTRO-H Kubbck-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 17:55:22
Nº Rexistro: 44345
Data envío: 22/01/2019 17:55:22.032

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Daniel Vega Pérez na data 22/01/2019 17:45:24

Teresa Egerique Mosquera na data 22/01/2019 17:45:38

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 22/01/2019 17:45:53

Paula Prado Del Río na data 22/01/2019 17:46:02

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2019 17:54:53

CSV: REXISTRO-H Kubbck-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045978) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:13:39
Nº Rexistro: 45978
Data envio: 11/02/2019 17:13:39.662

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. Popular número 44345 (10/PNP 003308)**, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 12 e 13 de febreiro de 2019.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia acordar reivindicar un aumento do investimento territorializado para Galicia no Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, que sirva para reverter a liña de recortes aplicada polos gobernos do Partido Popular nos últimos anos, un aumento da dotación de recursos destinada a proxectos concretos para atender as necesidades reais do país, asegurando con elo un grado de execución dos orzamentos moi por riba do que foi a práctica do goberno presidido por Mariano Rajoy, con exercicios nos que o realmente executado quedou por debaixo do 50% do orzamento inicial."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-H9x16PFZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:13:39
Nº Rexistro: 45978
Data envío: 11/02/2019 17:13:39.662

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/02/2019 17:12:51

Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 17:13:02

CSV: REXISTRO-H9x16PFZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045981) Emendas dos Grupos Parlamentarios (0045989) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:18:11
Nº Rexistro: 45981
Data envio: 11/02/2019 17:18:11.861

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da fo seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019 **(10/PNC-003308) doc. 44345.**

Emenda de modificación

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais para solicitarlles que, pola súa importancia para a mellora económica e social de Galicia, contribúan a facilitar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2019, e, en concreto, a súa aprobación inicial, rexeitando as emendas á totalidade presentadas.

2. O Parlamento de Galicia acorda dirixirse aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado para solicitarlles a modificación dos orzamentos xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de orzamentos do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos que poidan materializarse ao longo deste ano.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 13:32:18

CSV: REXISTRO-UQESb4QE-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045989) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:59:30
Nº Rexistro: 45989
Data envio: 11/02/2019 17:59:30.342

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, solicita se realice a seguinte corrección de erros:

No documento núm.de rexistro 45980 onde di: ".... (10/PNC-003268) doc. 43939.", debe dicir: "(10/PNP-003268) doc. 43939."

No documento núm. de rexistro 45981 onde di: "... (10/PNC-003308) doc. 44345.", debe dicir: "...(10/PNP-003308) doc. 44345."

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 17:59:08

CSV: REXISTRO-Qkup7bZN0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.7 10/PNP-003325 (0044503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53

PARLAMENTO DE GALICIA

(0044503) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 12:53:15
Nº Rexistro: 44503
Data envio: 24/01/2019 12:53:15.779

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O elevado prezo das peaxes da autoestrada AP-9 entre Ferrol-Coruña e Tui constitúe un grave atranco para o desenvolvemento económico e social de Galiza xa que dificulta a conectividade, a mobilidade e a competitividade, e ten graves prexuízos tanto para as persoas como para as empresas, especialmente para as do sector do transporte. O feito de que sexa máis caro viaxar desde Coruña a Vigo que desde Coruña a Madrid é un dato elocuente que pon en evidencia a discriminación e agravio que supón a actual situación da autoestrada.

As decisións políticas adoptadas pola Xunta de Galiza e polo goberno central nas últimas décadas redundaron en beneficios millonarios para a concesionaria, en abusos para as persoas usuarias e en estafa para o conxunto de Galiza. O acontecido coas obras de ampliación da capacidade da ponte de Rande, con continuos atascos e retencións, foi o punto culminante dun auténtico atraco e deu lugar a unha onda de indignación que tivo como resultado unha demanda colectiva da fiscalía de Pontevedra contra a concesionaria.

O abusivo incremento das peaxes na AP 9 ao longo de 2018 e no comezo de 2019 aínda veu a agravar máis a situación. E está a ter como consecuencia o incremento

CSV: REXISTRO-m5j1z8J2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 12:53:15
Nº Rexistro: 44503
Data envio: 24/01/2019 12:53:15.779

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do tráfico en estradas convencionais paralelas á autoestrada, sobre todo vehículos pesados que seguen outros itinerarios para evitar o pagamento de peaxes abusivas. Unha situación que está a ter graves consecuencias para a seguridade viaria e para a calidade de vida das persoas que viven na contorna destas estradas.

Recentemente o goberno central aplicou rebaixas do 30% e gratuidade nocturna nas autoestradas arruinadas e rescatadas polo Estado, entre elas as radiais madrileñas. O BNG considera de xustiza que cando menos se adopten medidas similares no caso das autoestradas galegas de titularidade estatal, como un paso no camiño cara á supresión das abusivas peaxes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta ao Goberno galego a demandar do Goberno do Estado

1. O establecemento dunha rebaixa xeral de cando menos o 30 % e gratuidade en horario nocturno nas autoestradas de titularidade estatal AP9 e AP53, como un paso adiante no camiño cara á supresión das abusivas peaxes.

2. Que esta medida entre en vigor no primeiro semestre de 2019."

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores

CSV: REXISTRO-m5j1za8J2r-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 12:53:15
Nº Rexistro: 44503
Data envío: 24/01/2019 12:53:15.779

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 12:44:24

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 12:44:29

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 12:44:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 12:44:33

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 12:44:35

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 12:44:36

CSV: REXISTRO-m5j1z8J2r-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045985) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:40:14
Nº Rexistro: 45985
Data envio: 11/02/2019 17:40:14.048

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53 (doc. núm. 44503).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Fomento coa finalidade de que se analicen os mecanismos que fagan posible unha rebaixa nas peaxes da AP-9 e AP-53 de modo que se sitúen en condicións homologables ao resto de autoestradas de peaxe de titularidade estatal.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/02/2019 16:34:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 16:35:08

CSV: REXISTRO-X28q2vpyc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0045992) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:02:06
Nº Rexistro: 45992
Data envio: 11/02/2019 18:02:06.730

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, por iniciativa do deputado **Martín Fernández Prado** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **44503 (10/PNP-003325)** Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53.

Emenda de substitución:

Débese substituir o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a demandar do Goberno do Estado:
1.- Que estude medidas para suavizar as subas das peaxes previstas na AP-9 e que negocie con Audasa a flexibilización das tarifas.
2.- Que faga un estudo análogo para o abaratamento das peaxes da autoestrada AP-53.
3.- Que estas medidas entren en vigor en 2019."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/02/2019 18:00:53

Martín Fernández Prado na data 11/02/2019 18:01:05

CSV: REXISTRO-xnn8kP5DS-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

4.8 10/PNP-003348 (0044787)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Alberto Núñez Feijóo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Puy Fraga
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Santalices Vieira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Alfonso Rueda Valenzuela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Francisco José Conde López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José González Vázquez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rosa María Quintana Carballo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Beatriz Mato Otero
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Gómez Salgado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rosa Oubiña Solla
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez

PARLAMENTO DE GALICIA

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jesús Miguel Prado Patiño

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela. (Procedemento de urxencia)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0044787) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envio: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa do Presidente do Grupo Parlamentario, **Alberto Núñez Feijóo**, do seu propio Portavoz **Pedro Puy Fraga**, e por iniciativa de todas as deputadas e deputados pertencentes ao Grupo, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de urxencia**.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Venezuela está a sufrir un dos momentos máis complicados da súa historia recente, debido a grave crise económica, política e social que derivaron na peor crise humanitaria da súa historia, e que está a padecer nestes momentos a maior parte da súa poboación. Neste sentido xa son moitas as institucións internacionais e non gobernamentais que denuncian de seguido esta situación, como a Organización das Nacións Unidas para as Migracións e ACNUR, a Axencia da ONU para os Refuxiados, que anunciaron no terceiro trimestre do pasado ano que xa son máis de tres millóns os refuxiados e migrantes de Venezuela en todo o mundo. Outra institución como o Consello Noruego de Refuxiados considera que o país americano está entre os dez estados coas crises humanitarias máis importantes do mundo.

Pero os galegos para coñecer esta realidade non precisamos dos datos que desvelan estes informes ou os medios de comunicación nacionais e internacionais, porque todos vivimos e sentimos moi de cerca esta grave situación, directamente da man de algún familiar ou dalgunha persoa do noso circulo máis achegado que sofre o día a día no propio país.

CSV: REXISTRO-SMFvG4Wnq-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envío: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Unha das consecuencias máis importantes da profunda crise económica para a poboación é a inflación descontrolada que provoca consecuencias terribles para os cidadáns, porque alimentos, sanidade e medicinas convértense en produtos inalcanzables, tanto polo seu total desabastecemento como polos seus prezos, que se incrementan a diario, a diferencia dos salarios que non alcanzan para cubrir as máis mínimas necesidades para sobrevivir.

O colapso do modelo económico do país, baseado nos ideais do socialismo bolivariano, que se caracterizou por un total fracaso das súas políticas de desenvolvemento e un continuo de desatinadas decisións económicas, baseadas no rexio control da actividade privada e un estatismo esaxerado, provocou o total aplastamento e empobrecemento da maioría da poboación, fundamentalmente das clases baixas e medias debido a perda case na súa totalidade dos seus ingresos que afectou a todos os aspectos da vida, xa que agora non poden facer fronte, nin tan sequera, a adquisición dos produtos máis básicos para subsistir, como a compra de alimentos, medicamentos ou de servizos inexistentes en Venezuela como a sanidade e a educación.

Venezuela pasou de ser o un dos países de referencia en América a ser o país onde volven aparecer epidemias de enfermidades que se poden previr, polo total desabastecemento de vacinas, como a difteria ou sarampelo. Venezuela hoxe é un pais onde os seus cidadáns falecen a diario por non dispor dos diagnósticos e dos tratamentos para as enfermidades crónicas que sofren ou de quimioterapia para o cancro, onde falecen miles de persoas por non poder levarse a cabo intervencións cirúrxicas por falta de instrumental, medicamentos básicos ou, algo tan pouco imaxinable na nosa sociedade actual, como a falta de subministro de luz e auga na maioría dos hospitais públicos do país.

Este deterioro social levou a un incremento exponencial, da criminalidade que xunto coa busca incesante de alimentos e medicamentos, empuxan unha sociedade sen regras na que se asasina gratuitamente, na que se extorsiona, se secuestra.. e que fan case imposible poder vivir dignamente.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-SMFvB4WnqE
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envío: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Esta é a nosa principal preocupación e a de todos os galegos de ben, e por elo que o Goberno de Galicia está aplicando una serie de medidas para os galegos de Venezuela nas que se invisten máis de 6 millóns e medio de euros nestes tres 3 anos, para intentar paliar parte dos efectos desta grave situación para máis de 3.000 familias cada ano.

A situación actual de Venezuela e froito do declive, dende o seu inicio, do réxime socialista bolivariano, que se foi desenmascarando nun sistema caracterizado pola corrupción transversal das súas institución, que deu orixe a unha nova clase social de incalculable capacidade adquisitiva que se alimenta directamente do aparato do estado e as súas institucións, o progresivo incremento do poder da súa cúpula militar, e o traslado a fórmulas que baten de fronte contra o sistema normativo e constitucional da nación.

Poderíamos facer un relato histórico do anunciado declive do réxime socialista bolivariano, pero vamos a destacar algúns dos acontecementos máis recentes que desencadearon na actual situación do país.

En xaneiro de 2016 constitúese o Asemblea Nacional de Venezuela froito dun proceso electoral no que participaron os partidos políticos máis importantes do país, que resultou favorable para o conxunto de partidos da oposición e que foi lexitimado pola comunidade internacional. Pero o seu poder lexislativo foi cuestionado dende o inicio polos integrantes do executivo de Maduro, ata que foi usurpado e asignado a unha creada, ad hoc, Asemblea Nacional Constituínte mediante decreto oficial.

O pasado 11 de xaneiro, Nicolás Maduro xurou o seu segundo mandato como Presidente de Venezuela, tras a celebración dunhas eleccións o 20 de maio de 2018 nas que non participou a oposición e cuns resultados que non foron recoñecidos pola inmensa maioría da comunidade internacional. É a primeira vez que un presidente venezolano non é investido na Asemblea Nacional, como o establece a Constitución

CSV: REXISTRO-SMFvB4WnqE
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envío: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

venezolana, porque consideran que maduro é ilexítimo de orixe e un usurpador do cargo para o período 2019-2025.

O Presidente da Asemblea Nacional, Juan Guaidó, asumiu o día 23 de xaneiro formalmente as competencias do Executivo Nacional como Presidente encargado de Venezuela para lograr unhas eleccións libres.

Centos de miles de venezolanos saíron ese días as rúas en Venezuela e no mundo enteiro para apoiar a convocatoria que lanzou o Presidente da Asemblea Nacional e proclamalo Presidente lexítimo do país, mestras que reivindicaban a saída de Nicolás Maduro. Unha xornada na que morreron 16 persoas, segundo a Comisión Internacional de Dereitos Humanos (CIDH) xunto con decenas de feridos e detidos, dinámica habitual sempre que se celebran este tipo de manifestación, existindo polo tanto unha represión violenta tanto coa a xente que sae a rúa a reivindicar os seus lexítimos dereitos como coa oposición, que democraticamente electa, leva anos sufrindo ameazas, detencións ilegais e torturas que fan que se tema sempre pola súa seguridade.

Ante esta situación EEUU, mediante o seu presidente recoñece a Guaidó como presidente interino do país, e de seguido, fóronse sumando outros países como Canadá, Colombia, Brasil, Perú, Ecuador, Arxentina, Paraguai ou Costa Rica.

Pola súa parte a Unión Europea, por medio da súa Alta Representante, Federica Mogherini, apoiou a Asemblea nacional como “institución elixida democraticamente”.

Polo exposto, e ante esta situación, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda declarar a súa solidariedade e o seu apoio ao pobo de Venezuela, co que temos tantos vínculos familiares, e ás súas institucións lexitimamente constituídas, nos seguintes termos:

CSV: REXISTRO-SMFvB4WnqE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envío: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

1. Que é necesario que se tomen medidas para actuar de forma urxente ante a situación de emerxencia humanitaria que vive o pais por estes anos de sometemento a un réxime socialista bolivariano que só trouxo pobreza, falta de alimentos e medicinas e unha violencia extrema que xera unha inseguridade permanente con risco cotián para o dereito fundamental á vida.

2. Que apoia á Asemblea Nacional lexítima democraticamente elixida polo pobo venezolano.

3. Que apoia ao Presidente da Asemblea tamén lexítimo e elixido democraticamente.

4. Que en Venezuela debe iniciarse un proceso de normalización democrática, dando paso a unhas eleccións libres con todas as garantías que exixe a comunidade internacional, que poña fin a este proceso de réxime autoritario que conculca de xeito cotián os dereitos individuais, sociais e políticos dos cidadáns venezolanos; e que dito proceso debe facerse de acordo co que estableza a Asemblea Nacional e o seu Presidente como representantes lexítimos do pobo venezolano.

5. Que Galicia asume o compromiso, como fixo ata agora, de axudar aos galegos de Venezuela para saír desta difícil situación na que se encontran e avanzar cara o camiño da prosperidade e do benestar, como achega á recuperación do conxunto do pobo venezolano".

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 28/01/2019 18:11:13

Pedro Puy Fraga na data 28/01/2019 18:11:21

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 28/01/2019 18:11:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-SMFvB4WnqE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envío: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/01/2019 18:11:41

Paula Prado Del Río na data 28/01/2019 18:11:52

Marta Rodriguez Arias na data 28/01/2019 18:12:02

Diego Calvo Pouso na data 28/01/2019 18:12:10

Raquel Arias Rodríguez na data 28/01/2019 18:12:23

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2019 18:12:37

Alfonso Rueda Valenzuela na data 28/01/2019 18:12:59

Francisco José Conde López na data 28/01/2019 18:13:51

José González Vázquez na data 28/01/2019 18:14:03

Rosa María Quintana Carballo na data 28/01/2019 18:14:22

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/01/2019 18:14:35

Beatriz Mato Otero na data 28/01/2019 18:14:43

Martín Fernández Prado na data 28/01/2019 18:14:50

José Manuel Rey Varela na data 28/01/2019 18:14:59

César Manuel Fernández Gil na data 28/01/2019 18:15:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/01/2019 18:15:08

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/01/2019 18:15:14

Teresa Egerique Mosquera na data 28/01/2019 18:15:21

María Julia Rodriguez Barreira na data 28/01/2019 18:15:29

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/01/2019 18:15:36

Jaime Castiñeira Broz na data 28/01/2019 18:15:45

Moisés Blanco Paradelo na data 28/01/2019 18:15:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-SMFvB4WnqE
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 18:18:34
Nº Rexistro: 44787
Data envío: 28/01/2019 18:18:34.596

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Gonzalo Trenor López na data 28/01/2019 18:15:58

Maria Antón Vilasánchez na data 28/01/2019 18:16:06

Daniel Vega Pérez na data 28/01/2019 18:16:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/01/2019 18:16:19

Antonio Mouriño Villar na data 28/01/2019 18:16:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 28/01/2019 18:16:33

Marta Novoa Iglesias na data 28/01/2019 18:16:39

Jacobo Moreira Ferro na data 28/01/2019 18:16:51

Carlos Gómez Salgado na data 28/01/2019 18:17:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/01/2019 18:17:14

María Soraya Salorio Porral na data 28/01/2019 18:17:17

María Isabel Novo Fariña na data 28/01/2019 18:17:21

Rosa Oubiña Solla na data 28/01/2019 18:17:27

Sandra Vázquez Dominguez na data 28/01/2019 18:17:36

Moisés Rodríguez Pérez na data 28/01/2019 18:17:41

Jesús Miguel Prado Patiño na data 28/01/2019 18:17:45

CSV: REXISTRO-SMFvB4WnqE
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0046000) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:23:04
Nº Rexistro: 46000
Data envio: 11/02/2019 18:23:04.536

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **44787 [10/PNP-003348]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de febreiro de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"1.- O Parlamento de Galiza mostra o apoio e solidariedade co pobo venezolano e apoia as iniciativas de diálogo e negociacións políticas que teñen como obxectivo a paz neste país e na rexión, e polo tanto condena:

- A escalada de violencia, dirixida polos EE.UU, e seguida por estados cómplices da Unión Europea, entre eles o español, contra as lexítimas institucións e Goberno de Venezuela, que buscan a súa desestabilización, e teñen como fin último o control dos seus inmensos recursos, nomeadamente o petróleo.

- O bloqueo económico, financeiro, político e diplomático; así como a confiscación ilegal dos seus bens e recursos que son a causa fundamental da carestía que sufre o pobo venezolano.

2.- Esiximos o fin da agresión e da inxerencia e o respecto pola súa soberanía e independencia.

CSV: REXISTRO-Oywyw\NPm8-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:23:04
Nº Rexistro: 46000
Data envío: 11/02/2019 18:23:04.536

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar ao Goberno galego e ao Goberno español a que:

- Deixen de aplicar e apoiar políticas imperialistas, de inxerencia e de posíbel intervención militar, con risco de enfrontamento civil, como as que insensatamente se están impulsando contra Venezuela, e que pase a poñer en práctica accións destinadas a:

-Defendan o dereito do pobo Venezolano á liberdade e á soberanía.

-Defendan o dereito do pobo venezolano a dispoñer dos seus recursos naturais.

-Opoñerse ao bloqueo económico, financeiro, político e diplomático e á confiscación ilegal dos seus bens e recursos económicos por parte de diversos estados.

- Respectar á soberanía dos pobos e a resolución pacífica dos conflitos.

- Promover unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-0ywwNPm8-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:23:04
Nº Rexistro: 46000
Data envío: 11/02/2019 18:23:04.536

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2019 18:08:39

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 18:08:43

CSV: REXISTRO-OywwwNPm8-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0046001) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:26:14
Nº Rexistro: 46001
Data envio: 11/02/2019 18:26:14.023

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei** do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia, nº 44787 (10/PNP-003348),** sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o 12 e 13 de febreiro de 2019.

Emenda de substitución:

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

" O Parlamento de Galicia acorda declarar a súa solidariedade e o seu apoio ao pobo de Venezuela, co que temos tantos vínculos familiares, e ás súas institucións lexitimamente constituídas, nos seguintes termos:

1.- Condenamos o intento de golpe de Estado perpetrado contra o lexítimo Goberno de Venezuela, **amosando total empatía coa situación social e o sufrimento do pobo venezolano e da comunidade galega.**

2.- Condenamos tamén a actitude de inxerencia dos Estados Unidos de América, **e seguindo as consideracións da ONU, demandamos o fin** do bloqueo económico e os irresponsables ultimatums ofrecidos polas autoridades estadounidenses, da UE e españolas, non encamiñadas á busca de diálogo e solucións políticas.

CSV: REXISTRO-4QnlF1bSaz-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 18:26:14
Nº Rexistro: 46001
Data envío: 11/02/2019 18:26:14.023

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3.- Defendemos o respeto ao Dereito Internacional e apoiamos polo tanto o dereito e a soberanía do pobo venezolano para elixir democraticamente ás súas e seus representantes.

4.- Facemos un chamado ao diálogo e ao entendemento auspiciado polo respaldo manifestado polas Nacións Unidas e rexeitamos calquer intervención no país. Facemos así mesmo un chamado á Paz e á non inxerencia.

5.- Lembramos ás autoridades europeas, españolas e galegas que a mellor maneira de defender ás persoas que viven en Venezuela ou ás emigrantes retornadas e facilitar dito clima de paz e diálogo."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/02/2019 18:25:35

Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 18:25:42

CSV: REXISTRO-4QnF1bSaz-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/